

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DA CORUÑA**

ANUNCIO de aprobación inicial do estudo de detalle na zona Z4-R15 (parcelas Z4-R15L e Z4-R15P), no ámbito do SURT 1, en San Pedro de Visma (expediente 631/2024/120).

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 22 de outubro de 2025, acordou aprobar inicialmente o documento denominado Estudo de detalle na zona Z4-R15 (parcelas Z4-R15L e Z4-R15P), no ámbito do SURT 1, en San Pedro de Visma. Agosto 2025, promovido por Visma Homes, S.L., e redactado polos arquitectos Manuel Carbajo Capeáns e Celso Barrios Ceide, cos números de COAG 2391 e 3307, respectivamente.

En cumprimento do disposto no artigo 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos artigos 194.2 e 207 do seu regulamento, sométese o expediente a información pública polo prazo dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da última das publicacións deste anuncio, no *Diario Oficial de Galicia* ou nun dos xornais de maior difusión na provincia, para que calquera persoa poida examinar o estudo de detalle e formular as alegacións que procedan.

A documentación estará á disposición das persoas interesadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, na epígrafe de publicidade oficial, taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, información urbanística; na web de Urbanismo, na epígrafe exposición pública, e no visor Desenvolvemento do PXOM 2013. Tamén poderá consultarse fisicamente nas dependencias da Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda do Concello da Coruña (praza de Indalecio Prieto, 1-3), das 9.00 ás 13.00 horas, de luns a venres.

A Coruña, 27 de outubro de 2025

A alcaldesa
P.D. (Decreto 3531/2024, do 19 de xuño;
BOP núm. 123, do 27 de xuño)
Francisco Dinís Díaz Gallego
Concelleiro delegado responsable da Área de Urbanismo,
Rehabilitación e Vivenda

CVE-DOG: 5alc0o23-bkq3-xji5-ynx1-j5gwcvmhbbqh3

